

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 9 de novembro de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria en réxime de competencia competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975S) (Diario Oficial de Galicia número 148, do 4 de agosto).

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou, no *Diario Oficial de Galicia* do día 4 de agosto de 2023, a Orde do 21 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975S).

Segundo o establecido no artigo 17 das citadas bases reguladoras, coa finalidade de garantir o cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación, de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas outorgadas ao abeiro da orde antes referida, con expresión da convocatoria, programa e aplicación orzamentaria a que se imputen, beneficiarios/as, cantidades concedidas e finalidade da subvención.

As axudas convocadas ao abeiro desta orde financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023 e 2024 procedentes do

CVE-DOG: sjvelw83-ijj4-gjj6-rag5-7s86abqejxd0



Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

En consecuencia,

RESOLVO:

Publicar as axudas que se relacionan nas táboas que se xuntan como anexo I (relación de solicitudes recibidas), anexo II (beneficiarios/as) e anexo III (non beneficiarios/as), financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.541D.760.1 (código de proxecto 2023 00229) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023, 2024 e 2025, concedidas ao abeiro do seguinte:

a) Norma reguladora da convocatoria: Orde do 21 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrência competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975S).

b) Aplicación orzamentaria: 02.08.541D.760.1, código de proxecto 2023 00229, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023 e 2024.

c) Finalidade da axuda: de acordo co previsto no artigo 3 da orde pola que se establecen as bases da convocatoria, ao abeiro desta orde de axudas serán subvencionables as actuacións que se citan a seguir para cada liña de axuda:

- Liña 1: melloras nos puntos limpos existentes: proxectos de mellora das condicións das instalacións municipais para a recollida separada dos distintos fluxos de residuos, puntos limpos.

- Liña 2: actuacións destinadas á instalación de puntos limpos de proximidade para favorecer a recollida separada de distintos fluxos de residuos.

- Liña 3: puntos limpos móbiles: proxectos destinados a favorecer a prevención, a recollida separada e adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos



prestados pola Rede galega de puntos limpos existentes para a reutilización ou reciclaxe na nosa comunidade autónoma.

- Liña 4: proxectos de construción e mellora de instalacións de preparación para a reutilización e/ou autorreparación de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, téxtiles, etc.), así como de ampliación de instalacións para incluír novas liñas de preparación para a reutilización e a autorreparación de residuos recollidos separadamente (RAEE, téxtiles, etc.), coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos, co que se prevén a xeración de residuos domésticos e a eliminación.

- Liña 5: actuacións destinadas á implementación de melloras nas instalacións de tratamento existentes para incrementar a súa eficacia na recuperación de materiais contidos nos residuos municipais que se recollan de forma mesturada, de maneira que poidan contribuir a acadar os obxectivos comunitarios de preparación para a reutilización e reciclaxe, así como ao de redución dos residuos municipais destinados ao seu depósito en vertedoiro.

d) Destinatarias: as entidades locais municipais, supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia, de conformidade coas competencias que lle correspondan en materia de xestión de residuos, que cumpran os requisitos establecidos para cada unha das liñas subvencionables sinaladas nesta orde.

e) Porcentaxe de financiamento e concorrencia con outras subvencións: o financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o 90 % do custo total do proxecto. A porcentaxe restante será asumida polo/a beneficiario/a e será compatible co financiamento que os/as beneficiarios/as poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto que se vai financiar. O financiamento achegado non é compatible cos proxectos Clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO₂), cos seguintes importes máximos de subvención:

a) Liña 1. O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 150.000 €. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000 € máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 200.000 €.

b) Liña 2. O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 10.000 €. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas



conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000 € máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 30.000 €.

c) Liña 3. O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 70.000 €. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000 € máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 100.000 €.

d) Liña 4. O importe máximo da subvención acadada non poderá superar os 200.000 €. Non obstante, esta cantidade poderá ampliarse, no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local, en 10.000 € máis por cada entidade participante a maiores da que figure na solicitude, ata un máximo de 250.000 €.

e) Liña 5. A contía máxima da axuda por entidade beneficiaria establécese en función do número de habitantes atendidos pola instalación, a razón de 3,5 €/habitante.

f) Período subvencionable e prazo de execución: o período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de decembro de 2024, ambos incluídos, tendo en conta as datas límite para a súa xustificación segundo o sinalado neste mesmo artigo.

Non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para solicitar o aboamento da axuda e a súa xustificación consonte o establecido no parágrafo seguinte.

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de decembro de 2023, para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2023 –incluíranse neste orzamento as actuacións executadas entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de decembro de 2023–; o 30 de decembro de 2024, para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2024.

g) Xustificación das subvencións: as entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a acreditar, no prazo máximo a que se refire o artigo anterior, a realización dos proxectos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento en virtude do establecido na



resolución de concesión que lles foi notificada. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

A xustificación terá que axustarse ao sinalado nos artigos 23 e 24 da orde de axudas.

h) Requisitos que se deberán observar: segundo o regulado no artigo 4 da convocatoria, os proxectos presentados a esta convocatoria deberán observar os seguintes requisitos:

– Os proxectos presentados deberán incorporar elementos de compra pública verde ou ecolóxica. A prestación de servizos ou a compra de materiais, equipamentos ou medios de recollida e transporte deberán ter en conta criterios ecolóxicos acordes cos obxectivos ambientais relacionados co cambio climático, a utilización dos recursos e a produción e o consumo sustentables (ecodeseño, emprego de materiais reciclados e/ou reciclables, eficiencia enerxética, redución de emisións, redución da pegada de carbono, economía circular, entre outros) que contribúan a reducir o seu impacto ambiental.

– Deberá xustificar que ten presentada a correspondente solicitude de autorización ou, de ser o caso, modificación da autorización, como xestor de residuos perigosos e/ou non perigosos ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, se for necesaria a dita autorización, na fase de solicitude. A solicitude como xestor de valorización de residuos perigosos e/ou non perigosos deberá incluír, nos casos en que así o exixa a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, o documento correspondente para iniciar o trámite.

– Para os efectos da presente convocatoria, teñen a consideración de residuos especiais de competencia municipal aqueles residuos que carecen de sistemas ordinarios de recollida, pero que son susceptibles de recuperación ou necesitan recollese separadamente debido ás súas especiais características (aceites vexetais usados, téxtiles, voluminosos, etc.).

– Será obrigatorio que, na fase de xustificación final da axuda, a instalación conte coa autorización pertinente para levar a cabo a actividade, sempre que sexa necesario.

– Non serán financiados os alugamentos e pagamentos de servizos a terceiros.

– Aqueles proxectos que prevexan a repartición de materiais, adquiridos con cargo á subvención, deberán identificar o procedemento que empregarán para a selección dos



destinatarios beneficiados, segundo os principios de concorrência, idoneidade e publicidade.

– Requisitos específicos para a liña 1:

1º. Para os efectos da presente orde, non serán financiábles dentro da liña 1 os proxectos de mellora en instalacións de puntos limpos que non estean no momento da solicitude autorizados ou en trámite de autorizar.

2º. Non serán financiábles tampouco os seguintes conceptos:

- Alugueiros (leasing, renting, etc.) nin o pagamento de servizos a terceiros.
- Edificios para traballadores, oficinas e maquinaria (salvo que o edificio inclúa o destinado á reutilización ou preparación para a reutilización). No caso de que o proxecto, ou determinados conceptos, afecten fluxos de residuos cubertos pola responsabilidade ampliada do produtor, non será financiáble a parte atribuíble á responsabilidade ampliada do produtor.

– Requisitos específicos para a liña 2:

Para subvencionar as actuacións destinadas á implantación de puntos limpos de proximidade, a entidade local deberá acreditar o destino dos residuos recollidos, ben a través dun acordo cunha instalación de punto limpo fixo autorizada ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados.

– Requisitos específicos para a liña 3:

1º. Para subvencionar a implantación de puntos limpos móbiles, a entidade local deberá acreditar o destino dos residuos recollidos, ben a través dun acordo cunha instalación de punto limpo fixo autorizada ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados.

2º. Todos os vehículos adquiridos deberán ser eléctricos ou de biogás de orixe vexetal.

– Requisitos específicos para a liña 4.

Deberá presentarse un proxecto en que se inclúan os tipos de residuos que prepararán para a reutilización, os tratamentos de cada un deses residuos, así como as condicións de

CVE-DOG: sjvelw83-ijj4-gjj6-rag5-7s86abqejxd0



venda, que incluírán a correspondente garantía posvenda e a súa declaración como produto novo naqueles casos en que sexa necesario.

– Requisitos específicos para a liña 5:

1º. Non se considerarán conceptos subvencionables os custos do servizo de recollida selectiva, o tratamento dos residuos, así como tampouco os custos de mantemento nin os alugueiros.

2º. Non se financiará a construción de novas instalacións de tratamento mecánico-biolóxico.

3º. Non se financiarán melloras nas instalacións existentes, con excepción das que teñan por finalidade a separación e recuperación de materiais dos residuos mesturados que poidan ser obxecto dunha reciclaxe posterior, ou a reconversión das plantas para o tratamento dos biorresiduos recollidos separadamente mediante compostaxe ou dixestión anaerobia, garantindo que estes investimentos non supoñan un aumento da capacidade das plantas ou a extensión da súa vida útil, verificado a nivel de cada unha das instalacións.

4º. Será obrigatorio comprometerse a que antes da finalización do ano 2025 os residuos recibidos nas plantas obxecto da axuda procedan de entidades que teñan implantado un modelo de recollida separada con contedores específicos para a recollida de envases lixeiros, biorresiduos, papel, cartón e vidro. O incumprimento do anterior dará lugar ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

i) Aceptación e renuncia das subvencións: transcorridos 10 días hábiles desde a súa notificación sen que a entidade beneficiaria comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiaria.

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de que se comunicase a renuncia, dítarase a correspondente resolución, que se lle notificará ao/á interesado/a por medios electrónicos.

j) Pagamento da axuda e posibilidade de solicitar anticipo: o aboamento da subvención efectuaráselle directamente ao concello beneficiario na conta bancaria indicada por este,



que deberá ser da súa titularidade. En caso das entidades locais supramunicipais ou agrupacións de entidades locais, o concello que asuma a representación recibirá a axuda atribuída para este fin. No caso de agrupación de entidades locais, o concello que actúe como representante deberá presentar, no prazo máximo dun mes desde a recepción dos importes cobrados, xustificantes bancarios dos aboamentos efectuados (transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario do ingreso efectivo polo portelo) aos restantes concellos que constitúen a devandita agrupación.

Poderá anticiparse ata o 50 % do importe concedido, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no artigo 63 do Decreto 11/2009 e nesta convocatoria, que se fará efectivo, por solicitude da entidade beneficiaria, unha vez realizada a notificación da subvención e logo da aceptación desta. De acordo co devandito artigo 63, a concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada. Para as subvencións concedidas con cargo á anualidade de 2023, as entidades beneficiarias que se acollan á modalidade de pagamento anticipado deberán manifestalo expresamente no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución de concesión, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo VI. Para as subvencións concedidas con cargo á anualidade 2024, as entidades beneficiarias que se acollan á modalidade de pagamento anticipado recibirán, unha vez que se abra contablemente o correspondente exercicio orzamentario, unha comunicación para que exerzan tal opción, no prazo de 10 días hábiles desde a notificación desta, mediante a presentación da correspondente solicitude de pagamento anticipado, empregando o modelo que se incorpora como anexo VI.

De non presentar a solicitude de pagamento anticipado, enténdese que a entidade solicitante renuncia ao anticipo. Neste caso o pagamento das axudas realizarase unha vez efectuado o investimento ou realizado o gasto ou actividade e logo da presentación por parte da entidade beneficiaria, no prazo establecido, da documentación xustificativa a que se refire o artigo anterior.

Conforme o artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a concesión dos pagamentos anticipados non se exixirá a presentación de garantías por parte dos concellos beneficiarios.

Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentado a correspondente xustificación, entenderase que a entidade renuncia á subvención, sen prexuízo do establecido nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: sjvelw83-ijj4-gjj6-rag5-7s86abqejxd0



Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería concedente, antes de realizar o seu pagamento final, poderán efectuar as actuacións de comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, así como o cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» ao ambiente na execución das actuacións subvencionadas, no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 2019/2088. Os órganos competentes da consellería concedente poderán solicitarlle ao/á beneficiario/a as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes, e advírteselle que a falta de presentación da xustificación no prazo concedido para o efecto poderá comportar a perda do dereito á subvención e a exixencia do reintegro no caso de ter recibido cantidades en concepto de anticipo, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o custo xustificado da actividade ou investimento sexa inferior ao que figura na resolución de concesión, manterase a axuda, pero diminuírase proporcionalmente o seu importe.

O pagamento realizarase logo de verificación do órgano concedente do cumprimento da obriga de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

k) Modificación da resolución: toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O órgano competente para conceder axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do/da beneficiario/a. En todo caso, deberanse cumprir os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Recursos: as resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano



que as ditou, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2023

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade
e Cambio Climático

ANEXO I

Relación de solicitudes recibidas

Nº de expediente	Nome do/da solicitante	NIF do/da solicitante	Actuación subvencionable
EELL-001-2023-RES	Concello de Cedeira	P1502200G	L3-PLM
EELL-002-2023-RES	Concello de Carballeda de Avia	P3201900B	L2-PLP
EELL-003-2023-RES	Concello de Carnota	P1502000A	L2-PLP
EELL-004-2023-RES	Concello de Ares	P1500400E	L2-PLP
EELL-005-2023-RES	Concello de Viveiro	P2706700H	L1-mellora PLF
EELL-006-2023-RES	Concello de Salvaterra de Miño	P3605000C	L3-PLM
EELL-007-2023-RES	Concello de Taboada	P2706000C	L3-PLM
EELL-008-2023-RES	Concello do Rosal	P3604800G	L2-PLP
EELL-009-2023-RES	Concello de Ponteceso	P1506900H	L2-PLP
EELL-010-2023-RES	Concello de Sober	P2705900E	L2-PLP
EELL-011-2023-RES	Concello da Pastoriza	P2704400G	L3-PLM
EELL-012-2023-RES	Concello de Padrón	P1506600D	L1-mellora PLF
EELL-013-2023-RES	Concello de San Cibrao das Viñas	P3207600B	L2-PLP
EELL-014-2023-RES	Concello do Rosal	P3604800G	L3-PLM
EELL-015-2023-RES	Concello de Carballo	P1501900C	L2-PLP
EELL-016-2023-RES	Concello de Carballo	P1501900C	L1-mellora PLF
EELL-017-2023-RES	Concello de Ribadavia	P3207000E	L1-mellora PLF
EELL-018-2023-RES	Concello de Baleira	P2700400A	L3-PLM
EELL-019-2023-RES (I)	Concello de Boiro	P1501100J	L1-mellora PLF
EELL-019-2023-RES (II)	Concello de Boiro	P1501100J	L3-PLM
EELL-020-2023-RES	Concello de Sanxenxo	P3605100A	L1-mellora PLF
EELL-021-2023-RES	Concello de Redondela	P3604500C	L3-PLM



Nº de expediente	Nome do/da solicitante	NIF do/da solicitante	Actuación subvencionable
EELL-022-2023-RES	Concello de Catoira	P3601000G	L2-PLP
EELL-023-2023-RES	Consortio As Mariñas (p.l. de Abegondo)	P1500011J	L1-mellora PLF
EELL-024-2023-RES	Consortio As Mariñas (p.l. de Bergondo)	P1500011J	L1-mellora PLF
EELL-025-2023-RES	Consortio As Mariñas (Betanzos)	P1500011J	L1-mellora PLF
EELL-026-2023-RES	Consortio As Mariñas (Cambre)	P1500011J	L1-mellora PLF
EELL-027-2023-RES	Consortio As Mariñas (Carral)	P1500011J	L1-mellora PLF
EELL-028-2023-RES	Consortio As Mariñas (Culleredo)	P1500011J	L1-mellora PLF
EELL-029-2023-RES	Consortio As Mariñas (Oleiros)	P1500011J	L1-mellora PLF
EELL-030-2023-RES	Consortio As Mariñas (p.l. de Sada)	P1500011J	L1-mellora PLF
EELL-031-2023-RES	Concello de Meis	P3602800I	L2-PLP
EELL-032-2023-RES	Concello de Pedrafita	P2704500D	L3-PLM
EELL-033-2023-RES	Concello de Pademe	P1506500F	L3-PLM
EELL-034-2023-RES	Concello de Crecente	P3601400I	L3-PLM
EELL-036-2023-RES	Concello de Verín	P3208600A	L3-PLM
EELL-037-2023-RES	Concello de Coirós	P1502700F	L3-PLM
EELL-038-2023-RES	Concello de Muros	P1505400J	L3-PLM
EELL-039-2023-RES	Concello de Vimianzo	P1509300H	L1-mellora PLF
EELL-040-2023-RES	Concello de Valga	P3605600J	L1-mellora PLF
EELL-041-2023-RES	Concello da Fonsagrada	P2700600F	L1-mellora PLF
EELL-042-2023-RES	Concello de Mugardos	P1505200D	L3-PLM
EELL-043-2023-RES (I)	Concello de Agolada	P3602000F	L2-PLP
EELL-043-2023-RES (II)	Concello de Agolada	P3602000F	L3-PLM
EELL-044-2023-RES (I)	Concello de Becerreá	P2700600F	L1-mellora PLF
EELL-044-2023-RES (I)	Concello de Becerreá	P2700600F	L2-PLP
EELL-045-2023-RES	Concello da Estrada	P3601700B	L2-PLP
EELL-046-2023-RES	Concello da Coruña	P1503000J	L2-PLP
EELL-047-2023-RES	Concello de Oza-Cesuras	P1500029B	L3-PLM
EELL-048-2023-RES	Concello de Tordoia	P1508500D	L3-PLM
EELL-049-2023-RES	Concello de Rodeiro	P3604700I	L1-mellora PLF
EELL-050-2023-RES	Concello de Cerdido	P1502500J	L2-PLP
EELL-051-2023-RES	Concello de Oia	P3603600B	L3-PLM
EELL-052-2023-RES	Concello de Rodeiro	P3604700I	L3-PLM
EELL-053-2023-RES	Concello de Oza-Cesuras	P1500029B	L1-mellora PLF
EELL-054-2023-RES	Concello de Negreira	P1505700C	L3-PLM



Nº de expediente	Nome do/da solicitante	NIF do/da solicitante	Actuación subvencionable
EELL-055-2023-RES	Concello de Sober	P2705900E	L4-espazo autorreparación
EELL-056-2023-RES	Concello de Tui	P3605500B	L1-mellora PLF
EELL-057-2023-RES	Concello do Porriño	P3603900F	L2-PLP
EELL-058-2023-RES	Concello de Larouco	P3203900J	L3-PLM
EELL-059-2023-RES	Concello de Samos	P2705500C	L3-PLM
EELL-060-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense	P3200000B	L2-PLP
EELL-061-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (p.l. da Peroxa)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-062-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (p.l. de Lobios)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-062-2023-RES (I)	Deputación Provincial de Ourense (p.l. de Verín)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-063-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (p.l. de Castro Caldelas)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-064-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (O Carballiño)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-065-2023-RES	Concello de Melón	P3204700C	L3-PLM
EELL-066-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (Muíños)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-067-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (A Veiga)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-068-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (A Rúa)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-069-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (Bande)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-070-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (O Pereiro de Aguiar)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-071-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (San Cibrao das Viñas)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-072-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (p.l. de Trives)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-073-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (Vilamartín de Valdeorras)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-074-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (Vilar de Santos)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-075-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (A Gudiña)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-076-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (Xinzo)	P3200000B	L1-mellora PLF
EELL-077-2023-RES	Concello de Antas de Ulla	P2700300C	L3-PLM
EELL-078-2023-RES	Concello de Gondomar	P3602100D	L1-mellora PLF
EELL-079-2023-RES	Concello de Gondomar	P3602100D	L2-PLP
EELL-080-2023-RES	Concello de Gondomar	P3602100D	L3-PLM
EELL-081-2023-RES	Concello de Ribadumia	P3604600A	L2-PLP
EELL-082-2023-RES	Concello de Rianxo	P1507300J	L1-mellora PLF
EELL-083-2023-RES (I)	Concello de Vila de Cruces	P3605900D	L1-mellora PLF
EELL-083-2023-RES (II)	Concello de Vila de Cruces	P3605900D	L3-PLM
EELL-084-2023-RES	Mancomunidade de concellos do Morrazo	P3600020F	L2-PLP



ANEXO II
Relación de beneficiarios/as

Expediente	Solicitante	NIF	Liña	Axuda total concedida	% de cof.	Axuda 2023	Axuda 2024
EELL-001-2023-RES	Concello de Cedeira	P1502200G	L3-PLM	19.350,00 €	10,00 %	450,00 €	18.900,00 €
EELL-002-2023-RES	Concello de Carballeda de Avia	P3201900B	L2-PLP	8.910,00 €	10,00 %	675,00 €	8.235,00 €
EELL-003-2023-RES	Concello de Carnota	P1502000A	L2-PLP	8.910,00 €	10,00 %	675,00 €	8.235,00 €
EELL-004-2023-RES	Concello de Ares	P1500400E	L2-PLP	8.745,54 €	11,00 %	874,55 €	7.870,99 €
EELL-005-2023-RES	Concello de Viveiro	P2706700H	L1-mellora PLF	74.660,54 €	10,00 %	765,00 €	73.895,54 €
EELL-006-2023-RES	Concello de Salvaterra de Miño	P3605000C	L3-PLM	64.418,20 €	11,00 %	6.352,82 €	58.065,38 €
EELL-007-2023-RES	Concello de Taboada	P2706000C	L3-PLM	13.215,15 €	10,00 %	1.321,52 €	11.893,63 €
EELL-008-2023-RES	Concello do Rosal	P3604800G	L2-PLP	6.300,00 €	10,00 %	450,00 €	5.850,00 €
EELL-009-2023-RES	Concello de Ponteceso	P1506900H	L2-PLP	8.910,00 €	10,00 %	450,00 €	8.460,00 €
EELL-010-2023-RES	Concello de Sober	P2705900E	L2-PLP	8.910,00 €	10,00 %	675,00 €	8.235,00 €
EELL-012-2023-RES	Concello de Padrón	P1506600D	L1-mellora PLF	96.881,81 €	10,00 %	9.688,91 €	87.192,90 €
EELL-013-2023-RES	Concello de San Cibrao das Viñas	P3207600B	L2-PLP	8.910,00 €	10,00 %	675,00 €	8.235,00 €
EELL-014-2023-RES	Concello do Rosal	P3604800G	L3-PLM	16.380,00 €	10,00 %	180,00 €	16.200,00 €
EELL-015-2023-RES	Concello de Carballo	P1501900C	L2-PLP	8.900,00 €	11,00 %	890,00 €	8.010,00 €
EELL-016-2023-RES	Concello de Carballo	P1501900C	L1-mellora PLF	149.375,56 €	10,00 %	14.937,55 €	134.438,01 €
EELL-017-2023-RES	Concello de Ribadavia	P3207000E	L1-mellora PLF	35.999,91 €	10,00 %	2.899,99 €	33.099,92 €
EELL-018-2023-RES	Concello de Baleira	P2700400A	L3-PLM	22.383,00 €	10,00 %	1.165,50 €	21.217,50 €
EELL-019-2023-RES (I)	Concello de Boiro	P1501100J	L1-mellora PLF	3.464,10 €	10,00 %	189,00 €	3.275,10 €
EELL-019-2023-RES (II)	Concello de Boiro	P1501100J	L3-PLM	6.570,00 €	10,00 %	657,00 €	5.913,00 €
EELL-020-2023-RES	Concello de Sanxenxo	P3605100A	L1-mellora PLF	118.875,77 €	10,00 %	11.887,67 €	106.988,10 €
EELL-021-2023-RES	Concello de Redondela	P3604500C	L3-PLM	14.685,00 €	11,00 %	1.468,50 €	13.216,50 €
EELL-023-2023-RES	Consorcio As Mariñas (p.l. de Abegondo)	P1500011J	L1-mellora PLF	12.359,90 €	10,00 %	1.236,00 €	11.123,90 €
EELL-024-2023-RES	Consorcio As Mariñas (p.l. de Bergondo)	P1500011J	L1-mellora PLF	12.359,90 €	10,00 %	1.236,00 €	11.123,90 €
EELL-025-2023-RES	Consorcio As Mariñas (Betanzos)	P1500011J	L1-mellora PLF	12.359,90 €	10,00 %	1.236,00 €	11.123,90 €
EELL-026-2023-RES	Consorcio As Mariñas (Cambre)	P1500011J	L1-mellora PLF	12.359,90 €	10,00 %	1.236,00 €	11.123,90 €
EELL-027-2023-RES	Consorcio As Mariñas (Carral)	P1500011J	L1-mellora PLF	12.359,90 €	10,00 %	1.236,00 €	11.123,90 €
EELL-028-2023-RES	Consorcio As Mariñas (Culleredo)	P1500011J	L1-mellora PLF	12.359,90 €	10,00 %	1.236,00 €	11.123,90 €
EELL-029-2023-RES	Consorcio As Mariñas (Oleiros)	P1500011J	L1-mellora PLF	12.359,90 €	10,00 %	1.236,00 €	11.123,90 €
EELL-030-2023-RES	Consorcio As Mariñas (p.l. de Sada)	P1500011J	L1-mellora PLF	12.359,90 €	10,00 %	1.236,00 €	11.123,90 €
EELL-031-2023-RES	Concello de Meis	P3602800I	L2-PLP	8.910,00 €	10,00 %	675,00 €	8.235,00 €
EELL-032-2023-RES	Concello de Pedrafita	P2704500D	L3-PLM	49.320,00 €	10,00 %	4.438,80 €	44.881,20 €
EELL-033-2023-RES	Concello de Pademe	P1506500F	L3-PLM	70.000,00 €	10,00 %	450,00 €	69.550,00 €
EELL-034-2023-RES	Concello de Crecente	P3601400I	L3-PLM	70.000,00 €	10,00 %	450,00 €	69.550,00 €

CVE-DOG: sjvelw83-ijj4-gji6-rag5-7s86abqejxd0



Expediente	Solicitante	NIF	Liña	Axuda total concedida	% de cof.	Axuda 2023	Axuda 2024
EELL-037-2023-RES	Concello de Coirós	P1502700F	L3-PLM	70.000,00 €	10,00 %	450,00 €	69.550,00 €
EELL-038-2023-RES	Concello de Muros	P1505400J	L3-PLM	56.272,50 €	10,00 %	720,00 €	55.552,50 €
EELL-040-2023-RES	Concello de Valga	P3605600J	L1-mellora PLF	51.326,81 €	10,00 %	4.619,41 €	46.707,40 €
EELL-043-2023-RES (I)	Concello de Agolada	P3602000F	L2-PLP	8.811,00 €	11,00 %	890,00 €	7.921,00 €
EELL-043-2023-RES (II)	Concello de Agolada	P3602000F	L3-PLM	70.000,00 €	10,00 %	450,00 €	69.550,00 €
EELL-045-2023-RES	Concello da Estrada	P3601700B	L2-PLP	8.910,00 €	10,00 %	675,00 €	8.235,00 €
EELL-046-2023-RES	Concello da Coruña	P1503000J	L2-PLP	8.415,00 €	15,00 %	637,50 €	7.777,50 €
EELL-047-2023-RES	Concello de Oza-Cesuras	P1500029B	L3-PLM	69.255,00 €	10,00 %	450,00 €	68.805,00 €
EELL-048-2023-RES	Concello de Tordoia	P1508500D	L3-PLM	17.100,00 €	10,00 %	450,00 €	16.650,00 €
EELL-049-2023-RES	Concello de Rodeiro	P3604700I	L1-mellora PLF	58.935,49 €	10,00 %	5.893,47 €	53.042,02 €
EELL-050-2023-RES	Concello de Cerdido	P1502500J	L2-PLP	8.910,00 €	10,00 %	675,00 €	8.235,00 €
EELL-051-2023-RES	Concello de Oia	P3603600B	L3-PLM	54.000,00 €	10,00 %	180,00 €	53.820,00 €
EELL-052-2023-RES	Concello de Rodeiro	P3604700I	L3-PLM	69.291,00 €	10,00 %	6.929,10 €	62.361,90 €
EELL-053-2023-RES	Concello de Oza-Cesuras	P1500029B	L1-mellora PLF	132.554,81 €	10,00 %	535,50 €	132.019,31 €
EELL-055-2023-RES	Concello de Sober	P2705900E	L4-espazo autorreparación	148.593,02 €	10,00 %	14.859,31 €	133.733,71 €
EELL-056-2023-RES	Concello de Tui	P3605500B	L1-mellora PLF	105.244,75 €	10,00 %	3.857,40 €	101.387,35 €
EELL-060-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense	P3200000B	L2-PLP	27.630,00 €	10,00 %	900,00 €	26.730,00 €
EELL-061-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (p.l. da Peroxa)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.362,60 €	10,00 %	113,40 €	1.249,20 €
EELL-062-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (p.l. de Lobios)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.381,50 €	10,00 %	113,40 €	1.268,10 €
EELL-062-2023-RES (I)	Deputación Provincial de Ourense (p.l. de Verín)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.372,05 €	10,00 %	113,40 €	1.258,65 €
EELL-063-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (p.l. de C. Caldelas)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.381,50 €	10,00 %	113,40 €	1.268,10 €
EELL-064-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (O Carballiño)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.390,95 €	10,00 %	113,40 €	1.277,55 €
EELL-066-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (Muíños)	P3200000B	L1-mellora PLF	2.995,65 €	10,00 %	179,55 €	2.816,10 €
EELL-067-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (A Veiga)	P3200000B	L1-mellora PLF	2.995,65 €	10,00 %	179,55 €	2.816,10 €
EELL-068-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (A Rúa)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.362,60 €	10,00 %	113,40 €	1.249,20 €
EELL-069-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (Bande)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.381,50 €	10,00 %	113,40 €	1.268,10 €
EELL-070-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (O Pereiro de Aguiar)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.400,40 €	10,00 %	113,40 €	1.287,00 €
EELL-071-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (San Cibrao das Viñas)	P3200000B	L1-mellora PLF	3.024,00 €	10,00 %	207,90 €	2.816,10 €
EELL-072-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (p.l. de Trives)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.372,05 €	10,00 %	113,40 €	1.258,65 €
EELL-073-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (Vilamartín de Valdeorras)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.419,30 €	10,00 %	113,40 €	1.305,90 €



Expediente	Solicitante	NIF	Liña	Axuda total concedida	% de cof.	Axuda 2023	Axuda 2024
EELL-074-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (Vilar de Santos)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.390,95 €	10,00 %	113,40 €	1.277,55 €
EELL-075-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (A Gudiña)	P3200000B	L1-mellora PLF	2.976,75 €	10,00 %	160,65 €	2.816,10 €
EELL-076-2023-RES	Deputación Provincial de Ourense (Xinzo)	P3200000B	L1-mellora PLF	1.390,95 €	10,00 %	113,40 €	1.277,55 €
EELL-077-2023-RES	Concello de Antas de Ulla	P2700300C	L3-PLM	54.000,00 €	10,00 %	450,00 €	53.550,00 €
EELL-078-2023-RES	Concello de Gondomar	P3602100D	L1-mellora PLF	72.809,65 €	10,00 %	7.280,96 €	65.528,69 €
EELL-079-2023-RES	Concello de Gondomar	P3602100D	L2-PLP	8.900,00 €	11,00 %	890,00 €	8.010,00 €
EELL-080-2023-RES	Concello de Gondomar	P3602100D	L3-PLM	64.418,20 €	11,00 %	6.441,82 €	57.976,38 €
EELL-081-2023-RES	Concello de Ribadumia	P3604600A	L2-PLP	8.900,10 €	10,10 %	674,25 €	8.225,85 €
EELL-084-2023-RES	Mancomunidade de Concellos do Morrazo	P3600020F	L2-PLP	27.000,00 €	10,00 %	540,00 €	26.460,00 €

ANEXO III

Relación de solicitudes non beneficiarias e motivo da exclusión

Nº de expediente	Nome do/da solicitante	Actuación subvencionable	Motivo
EELL-011-2023-RES	Concello da Pastoriza	L3-PLM	Non emendan en tempo e forma
EELL-022-2023-RES	Concello de Catoira	L2-PLP	Non emendan en tempo e forma
EELL-036-2023-RES	Concello de Verín	L3-PLM	Non emendan en tempo e forma
EELL-039-2023-RES	Concello de Vimianzo	L1-mellora PLF	Non emendan en tempo e forma
EELL-041-2023-RES	Concello da Fonsagrada	L1-mellora PLF	Non emendan en tempo e forma
EELL-042-2023-RES	Concello de Mugardos	L3-PLM	Non emendan en tempo e forma
EELL-044-2023-RES (I)	Concello de Becerreá	L1-mellora PLF	Non emendan en tempo e forma
EELL-044-2023-RES (I)	Concello de Becerreá	L2-PLP	Non emendan en tempo e forma
EELL-054-2023-RES	Concello de Negreira	L3-PLM	Non emendan en tempo e forma
EELL-057-2023-RES	Concello do Porriño	L2-PLP	Non emendan en tempo e forma
EELL-058-2023-RES	Concello de Larouco	L3-PLM	Non emendan en tempo e forma
EELL-059-2023-RES	Concello de Samos	L3-PLM	Non emendan en tempo e forma
EELL-065-2023-RES	Concello de Melón	L3-PLM	Non emendan en tempo e forma
EELL-082-2023-RES	Concello de Rianxo	L1-mellora PLF	Non emendan en tempo e forma
EELL-083-2023-RES (I)	Concello de Vila de Cruces	L1-mellora PLF	Non emendan en tempo e forma
EELL-083-2023-RES (II)	Concello de Vila de Cruces	L3-PLM	Non emendan en tempo e forma

